



## X Curso de Verán de Lingua e Cultura Galegas para Persoas Estranxeiras

### Organiza

O Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña con financiamento da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

### Descrición do curso

Este curso diríxese a aquelas persoas procedentes de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia interesadas en se introduciren no estudo da lingua e a cultura galegas, ou en ampliaren os seus coñecementos sobre estas materias.

### Niveis

- Nivel elemental (A1-A2)**, de iniciación á lingua e á cultura galegas para as persoas que desexen introducirse no seu coñecemento
- Nivel intermedio (B1-B2)**, destinado a quen xa realizase o curso de nivel elemental ou acredite documentalmente un coñecemento básico do idioma.

Durante a primeira semana poderá haber axustes de nivel se o profesorado o considerar necesario.

### Duración do curso e lugar de realización

O curso, de 80 horas lectivas, impartirase do 2 ao 24 de xullo de 2018 na Universidade da Coruña.

### Número de prazas

De se non cubriren 10 prazas como mínimo poderase suspender o curso.

### Prazo e lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes enviaranse por correo electrónico ao enderezo [snl@udc.gal](mailto:snl@udc.gal) antes do día **17 de maio de 2018**.

### Comisión de selección e criterios de avaliación

A Comisión de Selección estará composta polas seguintes persoas:

- Carlos Aymerich Cano, secretario xeral da Universidade da Coruña, ou persoa en quen delegar
- Xesús M. Mosquera Carregal, técnico do Servizo de Normalización Lingüística
- Marisol Ríos Noya, directora do curso e técnica do Servizo de Normalización Lingüística

O baremo farase conforme aos seguintes criterios:

- Memoria:** máximo 6 puntos (60 % da puntuación total), distribuídos da seguinte maneira:
  - un máximo de 2 puntos polas motivacións para realizar o curso,
  - un máximo de 2 puntos polo interese no coñecemento e o estudo da lingua e da cultura galegas,
  - e un máximo de 2 puntos pola contribución do curso para a formación e o futuro laboral e/ou investigador.

Código Seguro De Verificación	FbqDCXxqxgboe9tVIntUGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	02/05/2018 09:53:04
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/FbqDCXxqxgboe9tVIntUGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/FbqDCXxqxgboe9tVIntUGw==</a>		





b) **Currículo:** máximo 4 puntos (40 % da puntuación total). O currículo será valorado desde a perspectiva do grao de relación co obxecto da convocatoria, destinada fundamentalmente a estudiantado en proceso de formación. Neste sentido terase especialmente en conta o feito de estar cursando galego na actualidade.

Só se valorarán os expedientes que acrediten documentalmente os méritos e que acheguen a documentación completa na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes. As persoas admitidas recibirán unha notificación por correo electrónico.

### Matrícula

O **importe da matrícula** é de **60 €**. Neste prezo están incluídos o material didáctico e os gastos das actividades complementarias de carácter cultural.

Para se inscribir é necesario ter feitos os 18 anos e recibirmos o formulario de inscrición (**Anexo. Solicitud**) **antes do día 17 de maio de 2018**. Este formulario será enviado ao enderezo de correo electrónico <snl@udc.gal>.

As persoas seleccionadas recibirán unha comunicación por correo electrónico, en que tamén se lles facilitará o formulario de **matrícula**, que se aboará por medio dunha transferencia bancaria. Cómpre remitiren o xustificante de pagamento escaneado por correo electrónico ao enderezo (snl@udc.gal) antes do día **12 de xuño de 2018**.

Só se considerarán inscritas aquelas persoas cuxo xustificante de pagamento da matrícula sexa recibido no Servizo de Normalización Lingüística no prazo sinalado.

O orixinal deste documento terá que ser remitido en papel por correo postal ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña.

### Bolsas de estadía

A Universidade da Coruña concederá **18 bolsas** de estadía de **500 €** brutos, suxeitas aos descontos que marca a lei (no caso das persoas procedentes da Comunidade Europea o 19 % e para persoas que procedan de países non comunitarios o 24 %).

Estas bolsas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 0100.44.0093.422D.640.00.16 (Conv. 2018 Xunta, Cons. Educación. Actuacións en Materia de Normaliz. Lingüíst. Servizo de Normalización Lingüística, bolsas).

Non poderán ser adxudicatarias destas axudas de estadía as persoas que se beneficiasen delas con anterioridade no mesmo nivel do curso.

Para solicitaren estas bolsas, as persoas interesadas deberán enviar a seguinte documentación:

- O formulario normalizado debidamente cuberto (**Anexo. Solicitud**)
- Unha fotocopia do documento de identidade (para cidadáns da Unión Europea) ou o pasaporte para persoas de fóra da Comunidade Europea
- O currículo da persoa solicitante
- Unha breve memoria en que figuraren, cando menos, as seguintes cuestións:
  - as motivacións para realizar o curso,
  - o interese polo coñecemento e o estudo da lingua e da cultura galegas,
  - e a contribución do curso para a formación e o futuro laboral e/ou investigador

Código Seguro De Verificación	FbqDCXxqxbgoe9tVIntUGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	02/05/2018 09:53:04
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/FbqDCXxqxbgoe9tVIntUGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/FbqDCXxqxbgoe9tVIntUGw==</a>		





e) Unha carta de presentación dun/dunha profesor/a da entidade en que estuda a persoa solicitante, se for posíbel.

A adxudicación das bolsas de estadía, que se lles comunicará por correo electrónico ás persoas interesadas, resolverase antes do día **1 de xuño**.

Contra esta adxudicación, a persoa interesada poderá interpor un recurso potestativo de reposición perante o reitor da Universidade da Coruña a partir do día seguinte ao da súa publicación.

As persoas adxudicatarias das bolsas unha vez que reciban a comunicación da concesión terán que remitir a seguinte documentación:

- **Anexo I**, solicitude de pagamento por transferencia e modificación de datos persoais e/ou bancarios, para residentes en España
- **Anexo VI**, ficha de identificación financeira de non residentes, para as persoas que procedan de fóra de España
- Xustificante de pagamento da matrícula do curso

Estes documentos terán que estar no Servizo de Normalización Lingüística antes do **12/06/2018**.

### Obrigas das persoas bolseiras

A persoa bolseira comprométese a asistir a todas as sesións programadas. O incumprimento desta obriga ou de calquera das condicións recollidas nestas bases suporá a perda da bolsa concedida e mesmo o reintegro das cantidades percibidas.

### Diploma

Todas aquelas persoas que superaren con éxito as probas de avaliación obterán un certificado de aptitude expedido pola Universidade da Coruña.

### Máis información

Servizo de Normalización Lingüística  
+ 34 881 011 042, + 34 881 011 055  
+ 34 981 167 000, ext. 1042, 1055  
snl@udc.gal

A Coruña, 2 de maio de 2018

O secretario xeral

Carlos Aymerich Cano

Código Seguro De Verificación	FbqDCXxqxibgoe9tVIntUGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	02/05/2018 09:53:04
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/FbqDCXxqxibgoe9tVIntUGw==">https://sede.udc.gal/services/validation/FbqDCXxqxibgoe9tVIntUGw==</a>		

